

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 2 DE SETEMBRO DE 2009

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dous de setembro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA MARÍA DE LA CONCEPCIÓN BURGO LÓPEZ, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DONA LUISA MARÍA ZARZUELA GONZÁLEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPESO GARCÍA, DON JOSÉ RÁBADE ARIAS e DON JOSÉ FERNANDO PIÑEIRO DÍAZ; e a membro da Xunta de Goberno Local que non ten a condición de concelleira, DONA MARÍA NOVO PENA. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don Luis Regal Pavón, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ó día 26 de agosto de 2009.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas municipal de instalación: dunha oficina bancaria na rúa Montevideo, número 6 - baixo e dun centro loxístico de transportes na rúa das Costureiras, ruelleiro F, parcela 8, do parque empresarial IN-F.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas de obras: para legalización de demolición dunha edificación sita na avenida da Coruña, número 52; para reforma de entresollado, planta baixa e dous sotos no edificio coa licenza número 312/06, sito na rúa Montero ríos esquina ronda das Fontiñas; para construír un depósito para almacenamento de auga para o servizo de prevención contra incendios forestais e abastecemento do lugar de Vilalvite, parroquia de Coeses; para autorización para substitución de muro de carga interior, estando incluídos estes traballos entre os necesarios para levar a cabo a licenza de obras número 577/09, no edificio sito na rúa da Catedral, número 2; para cambio de cuberta de corte de gando, sita no núcleo rural

tradicional de portafontao, parroquia de San Miguel de Bacurín; para construír unha vivenda unifamiliar illada, no núcleo rural tradicional de alta - Matelo, parroquia de Santa María Alta e para legalización de modificacións no edificio coas licenzas de obras números 206/06 e 910/06, sito na rúa da Baixa.

3. PLANEAMENTO.- Acórdase a aprobación inicial do estudo de detalle formulado para reaxuste das aliñacións e rasantes de parte das vías contempladas na modificación puntual do PXOU na zona comprendida entre a Ponte Romai e a Ponte da Estación (ámbito: Ponte Paradai – rúa Serra de Meira e Ponte da Estación – praza Conde Fontao).

ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO

4. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a revisión de prezos, para actualización do contrato coa empresa concesionaria de limpeza viaria, recollida de residuos, e transporte para o seu tratamento, correspondentes ó canon contractual para o período comprendido entre o 1 de xullo de 2009 e o 30 de xuño de 2010, á ampliación do servizo de recollida no convenio do 03/02/99 para o período entre o 1 de febreiro de 2009 e o 31 de xaneiro de 2010, á ampliación de servizo de recollida no convenio do 02/09/02 dende o 1 de xaneiro ó 31 de decembro de 2009 e á ampliación de diferentes servizos de limpeza e recollida, que entrou en vigor o 1 de abril de 2007 para o período que vai do 1 de abril de 2009 ó 31 de marzo de 2010.

Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto para a contratación dun servizo de prevención alleo nas especialidades técnicas (seguridade no traballo, hixiene industrial, ergonomía e psicopsicología aplicada), así como da vixilancia da saúde e da apertura do procedemento de adxudicación.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:

- Acórdase a aprobación do Proxecto “Red de participación y servicios digitales en zonas rurales (PARNET-TIC)”, para os efectos de aceptación da subvención feder outorgada polo comité de programación SUDOE (programa de cooperación territorial interreg IV b), aprobación da sinatura do acordo de colaboración entre os socios xunto cos anexos remitidos polo devandito comité,

ACTAS E GOBERNO

LRP/cvr

Ref#: 09extractoxg37.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 2-9-2009

e aprobación da súa execución e do compromiso da dotación financeira anual necesaria para o financiamento durante os exercicios 2009, 2010 e 2011.

- Acórdase a desistencia do procedemento para a contratación do servizo público municipal do centro de día “Novo Antonio Gandoy” e subministración de comidas ós usuarios do centro de día na modificación do prego de prescricións técnicas e na apertura de novo procedemento de licitación.

- Acórdase a delegación de competencias na contratación das obras de pavimentación e servizos na rúa Flor de Malva.

- Acórdase a delegación de competencia na Tenenta de Alcalde e Concelleira Delegada da Área de Economía e Emprego para a resolución de todos os actos de trámite e resolutivos en relación coas contratacións relativas ás festas de San Froilán 2009.

- Acórdase a aprobación inicial do prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado sen publicidade contratación da actuación de diversos grupos musicais nas festas de San Froilán 2009 e da apertura do procedemento de contratación.

- Acórdase a aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares, do prego de condicións técnicas, así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado para a contratación do aluguer de stands para mesas de venda durante o San Froilán 2009 e da apertura do procedemento de adxudicación.

Lugo, 3 de setembro de 2009
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García